

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6884 Orde APA/514/2019, do 26 de abril, pola que se fixan normas para a aplicación das exencións á obrigación de desembarque e para a mellora na selectividade das artes.

O Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello, ten como obxectivo fundamental garantir que as actividades da pesca e a acuicultura sexan sustentables ambientalmente a longo prazo e se xestionen de forma coherente cos obxectivos de xeraren beneficios económicos, sociais e de emprego; e contribuíren á dispoñibilidade de produtos alimenticios. Para iso, dispón de instrumentos de xestión como a fixación de cotas asignadas aos Estados membros, que garantirán a estabilidade relativa de cada un deles en relación con cada poboación de peixes ou pesqueira.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece no seu artigo 5 as medidas da política de pesca marítima en augas exteriores, entre as cales se encontra a posibilidade de fixar medidas de conservación dos recursos pesqueiros mediante a regulación de artes e aparellos. Así mesmo, o artigo 8 faculta o titular do departamento para adoptar medidas de regulación do esforzo pesqueiro; entre estas encóntranse a limitación das redes, dimensión das artes, número de anzois ou calquera outra medida nas artes utilizadas que poida regular o esforzo pesqueiro desenvolvido por cada buque.

O artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, establece un calendario para aplicar a obriga de almacenar, manter a bordo, rexistrar, desembarcar e imputar á cota correspondente todas as capturas non desexadas de especies sometidas a límites de captura en augas atlánticas, e no Mediterráneo tamén aquelas que estean suxeitas a un tamaño mínimo, conforme o Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo e polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93. Así mesmo, o citado artigo inclúe determinadas exencións a esta obriga: as especies cuxa pesca se encontra prohibida, especies con altas taxas de supervivencia, exencións de *minimis* e peixes con danos causados por depredadores.

En concreto, o mecanismo de *minimis* permite descartar unha porcentaxe do total anual de capturas das especies sometidas á obriga de desembarque sen que se computen á cota asignada cando as probas científicas determinen que incrementar a selectividade resulta moi difícil, ou para evitar os custos desproporcionados que supoñería o manexo desas capturas non desexadas. Por iso, para esta exención, que se materializa a través de actos delegados da Comisión, é necesario establecer a forma en que cada buque ou grupo de buques debe calcular esa cantidade, a forma en que deben rexistrar no diario de a bordo e como se debe proceder para o correcto control das cantidades descartadas, que é un dos obxectos desta orde.

A presente orde ten por obxecto establecer disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, no relativo á obriga de desembarque prevista no seu artigo 15; establecer determinadas exencións á súa aplicación e instaurar determinadas medidas dirixidas a mellorar a selectividade e reducir así a taxa de descartes, dando efectivo cumprimento para a pesca marítima en augas exteriores españolas das disposicións da política pesqueira común, cuxa entrada en vigor plena se produciu o 1 de xaneiro do presente ano.

Así mesmo, a presente orde prevé unha regulación singular para dous supostos excepcionais onde pode encontrarse certa colisión entre a nova obriga de desembarque e a regulación sectorial respectiva. Por un lado, a normativa europea prevé regras de composición de capturas normalmente vinculadas a medidas técnicas de pesca, onde a UE fixa, en determinados casos, porcentaxes de capturas que deben ser respectadas na actividade pesqueira. Normalmente, estas singularidades vincúlanse ao uso de mallas de menor tamaño que as establecidas por regra xeral para determinadas zonas. Estas obrigas, en canto á composición das capturas, poden xerar unha incongruencia coa obriga xeral de desembarcar todas as capturas e por iso se debe buscar unha solución, para evitar que o uso destas excepcións vinculadas ás mallas de menor luz e ás conseguíntes regras de composición de capturas impida cumprir o obxectivo de non dirixir a actividade á especie con porcentaxe limitante, respectando as obrigas de desembarque. Por iso, inclúese unha nova regulación que obriga a respectar a dita obriga de desembarque de todas as capturas e, en segundo lugar, a necesidade de desprazamento do buque cando detecte zonas con maior concentración das especies limitantes, de modo que poida refer todas as capturas, pero abandonando esa zona unha vez que capturou por riba das ditas regras de composición. Para iso, obrígase a que o desprazamento sexa, cando menos, de tres millas desde o lugar do lance ou xornada últimos.

Para as especies suxeitas á obriga de desembarque, as capturas de especies de tamaño inferior ao tamaño mínimo de referencia, para efectos de conservación, non se poderán desembarcar mentres existan cantidades dispoñibles con base na exención de *minimis*, mentres que, unha vez esgotada esta cantidade, deberán desembarcarse e destinarse a fins distintos do consumo humano directo. No entanto, as especies que non estean suxeitas á obriga de desembarque e que teñan regulado un tamaño mínimo de captura noutra normativa devolveranse inmediatamente ao mar. Convén trasladar a esta norma as ditas previsións para o efectivo cumprimento destas obrigas.

Como excepción á obriga de imputar as capturas á cota correspondente, as capturas de especies que estean suxeitas á obriga de desembarque e que excedan as cotas fixadas para as poboacións de que se trate, ou as capturas de especies para as cales o Reino de España non dispoña de cota, poderán imputarse á cota das especies principais, sempre que non superen o 9 % da cota das especies principais. O Regulamento prevé no seu artigo 15.8 este mecanismo *inter especies*, que debe aplicarse unicamente cando a poboación das especies alleas ao obxectivo quede dentro de límites biolóxicos seguros. Resulta necesario, xa que logo, establecer a forma en que se deben contabilizar estas capturas, segundo a cota estea repartida ou non, o medio polo cal a Secretaría Xeral de Pesca informará das especies e das cantidades obxecto deste mecanismo de flexibilidade, e o modo de anotar no diario de a bordo as cantidades retidas cando non se dispón de cota.

A regulamentación europea recolle igualmente, dentro das exencións á obriga de desembarque de todas as capturas, unha serie de especies que posúen unha alta supervivencia para determinadas artes. Esta supervivencia vén determinada non soamente pola resistencia de cada especie e os danos da arte de pesca, senón tamén polas mellores prácticas no manexo *post captura* e na forma en que sexan devoltas ao mar. É por iso necesario conter aquí as previsións necesarias para asegurar que se maximiza esa supervivencia das capturas que non serán retidas e que serán devoltas ao mar.

A obriga de desembarcar todas as capturas ten como obxectivo que as frots busquen unha mellora permanente na selectividade, de forma que se deixen de capturar as especies que, polo seu tamaño ou polo seu mal estado biolóxico do recurso, se deben protexer e reducir a súa mortalidade co fin de mellorar o estado das ditas poboacións.

Ao longo dos últimos anos realizáronse distintos experimentos que demostraron que a aplicación dunha serie de medidas permite mellorar os patróns de explotación, reducindo as capturas non desexadas, e a Comisión Europea instou os Estados membros a que apliquen os bos resultados obtidos en certos estudos. Por iso, a norma actual recolle a inclusión dunha serie de dispositivos selectivos nas artes de arrastre que contribúan a esa redución das capturas non desexadas. Os ditos dispositivos selectivos poderanse instalar

de forma voluntaria, durante o primeiro ano e medio de vixencia desta norma, co fin de propiciar que se poida financiar o custo da súa adquisición e instalación a través de fondos europeos e haxa un período de adaptación suficiente como medida preparatoria e, a partir deste momento, serán obrigatorios.

Os dispositivos selectivos elixidos para incluír nesta normativa e, polo tanto, para aplicar na frota, son froito de resultados positivos demostrados en estudos no ámbito internacional, así como de experiencias prácticas realizadas en buques da frota española onde se confirmaron os ditos resultados. No caso dos buques arrastreiros de fondo que pescan na zona VIa do CIEM, os estudos foron realizados por AZTI e os resultados demostran unha redución das capturas accidentais de especies que poden chegar a ser limitantes para a frota, como certos gádidos e especies peláxicas de escaso valor e algunhas delas sen cota asignada a España.

No caso dos buques arrastreiros de fondo que pescan na zona VII do CIEM, os estudos foron realizados polo IEO e mostran unha redución nas capturas accidentais de especies das que España carece de cota repartida por estabilidade relativa, así como das especies peláxicas con escaso valor e algunhas delas sen cota asignada á nosa frota.

Co fin de conter nun mesmo instrumento xurídico as disposicións relativas ás mencionadas exencións establecidas nos distintos actos delegados e as particularidades derivadas da obriga xeral de desembarque, esta norma establece os procedementos necesarios para levar á práctica as anteriores consideracións.

Efectuouse o trámite de comunicación á Comisión Europea previsto no artigo 46 do Regulamento (CE) n.º 850/1998 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros, a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños.

O contido desta orde axústase aos principios recollidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así, esta norma resulta necesaria para prever os mecanismos que permitan aplicar as excepcións á obriga xeral de desembarque establecida pola Unión Europea, o que redundará no beneficio económico do sector afectado, sen que iso supoña un prexuízo no almacenamento dispoñible. Os principios de eficacia e de proporcionalidade observáronse, posto que a orde resulta o instrumento máis adecuado para asegurar así os intereses do sector cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, dando virtualidade práctica á normativa europea antedita. Respecto do principio de seguridade xurídica, tal e como expuxo a norma, é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, e polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, en tanto que a norma asegura a máxima eficacia dos seus postulados, e transparencia ao ter garantida unha ampla participación na súa elaboración mediante o trámite de información pública.

A elaboración da presente orde someteuse a audiencia e información pública conforme o disposto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Así mesmo, someteuse a consulta das entidades representativas dos sectores afectados; e tamén foron consultadas as comunidades autónomas; e o Instituto Español de Oceanografía.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Esta orde ten por obxecto establecer disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, no relativo á obriga de desembarque prevista no seu artigo 15, así como establecer determinadas exencións á súa aplicación e instaurar determinadas medidas dirixidas a mellorar a selectividade das artes.

As normas contidas nesta orde serán de aplicación a todos os buques pesqueiros españois e aos buques doutras nacionalidades que utilicen os portos españois para o desembarque das súas capturas.

Artigo 2. Definicións.

Ademais das definicións contidas no Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, para os efectos da presente orde establécense as seguintes definicións:

a) Exención de *minimis*: mecanismo que permite descartar unha determinada porcentaxe de capturas, mediante actos delegados da Unión Europea para certas frota e especie ou grupo de especies sometidas á obriga de desembarque, que se calculan sobre o total anual de capturas, para a pesqueira de que se trate e sempre que non se adoptase nun plan plurianual nin nun plan de xestión conforme o artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo e polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1626/94. Esta excepción aplícase ás capturas non desexadas que non chegan ao tamaño mínimo de referencia para a conservación ou a aquelas para as cales a frota, buque ou grupo de buques xa consumisen as súas cotas asignadas.

b) Exención por alta supervivencia: mecanismo que permite descartar as especies para as cales se determinase unha alta supervivencia sempre que se recollese nun plan plurianual un plan de xestión, un plan específico de descartes ou acto delegado da Unión Europea.

c) Capturas non desexadas: capturas accidentais de organismos mariños que, en virtude do artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, deben ser desembarcadas e deducidas das cotas, quer por ter un tamaño inferior ao tamaño mínimo de referencia para efectos de conservación, quer porque superan as cotas dispoñibles das ditas especies.

Artigo 3. Medidas relativas á xestión das exencións de *minimis* no Atlántico e no Mediterráneo.

1. Nos casos en que a normativa europea permita descartar capturas non desexadas mediante o mecanismo de *minimis* previsto no artigo 15.4.c) do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, os armadores deberán descartalas, baixo as seguintes condicións.

2. No primeiro trimestre de cada ano, a Secretaría Xeral de Pesca determinará, mediante resolución publicada no «Boletín Oficial del Estado», as cantidades máximas de descartes que se poderán facer con base nesta exención.

Para o caso do Atlántico e calquera especie sometida a TAC, a cantidade global de *minimis* autorizada para descartar fixarase mediante a porcentaxe asignada a cada especie e frota, grupo de buques ou buque individual, segundo o tipo de xestión, calculado para esa especie sobre o total da cota que lles corresponda adaptada ás transferencias con que se conte en cada momento, o que incluírá os intercambios de posibilidades de pesca que se realizasen ao longo do ano, de cada grupo de buques, buque individual ou frota en función de como sexa a xestión.

No caso do Mediterráneo, ao non existir unha xestión por TAC, salvo para peixe espada e atún vermello, tomaranse como referencia, para calcular a cantidade global de *minimis* autorizada para descartar anualmente para cada especie, as capturas anuais históricas dos dous anos anteriores á resolución.

3. As capturas non desexadas devoltas ao mar rexistraranse na epígrafe correspondente no diario electrónico de a bordo ou diario en papel, na epígrafe destinada á exención de *minimis*, a partir do primeiro kg. Estes descartes devoltos ao mar e rexistrados non computarán con cargo á cota asignada ao Reino de España no caso do Atlántico e calquera especie sometida a TAC, senón que se deducirán das cantidades globais dispoñibles para esta exención.

4. Os buques de censos ou modalidades que participen en pesqueiras nas cales non exista repartición individual ou os buques do Mediterráneo poderán descartar con cargo á

cantidade global de *minimis* que se determine e que será incluída na resolución prevista no punto 2.

A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura realizará unha comunicación na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos simplemente informativos, cando se alcanzase o 80% de consumo das cantidades con cargo á exención de *minimis* de cada especie, nos supostos de cotas que non teñan repartición individual ou para o Mediterráneo.

Así mesmo, en todos os casos, a dita dirección xeral publicará na páxina web do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o esgotamento da cantidade de *minimis* dispoñible para cada exención, momento a partir do cal non se poderán seguir descartando capturas e se deberán levar todas as capturas non desexadas a porto. A partir dese momento, esas capturas deberán ser contabilizadas e deducidas das posibilidades de pesca correspondentes de cada buque ou grupo de buques ou da cota da respectiva frota.

5. Os buques que dispoñan de cotas repartidas de forma individual poderán descartar con cargo a este mecanismo a porcentaxe máxima autorizada respecto das súas posibilidades de pesca individuais, en función dos límites establecidos nos actos delegados para a súa arte e almacenamento e que se recollerán na resolución prevista no punto 2. Unha vez descartadas as cantidades máximas autorizadas para eles, cada buque deberá reter e traer a porto todas as capturas, que serán deducidas das súas posibilidades de pesca individuais independentemente do seu destino, en función de se está por enriba ou debaixo do tamaño mínimo de referencia para a conservación conforme o artigo 4.

Artigo 4. Medidas de control e destino das especies con tamaños mínimos de referencia para a conservación.

1. Mentres non se consumisen as cantidades establecidas con base na exención de *minimis* do artigo 15.4.c) do Regulamento (CE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e previstas no artigo 3 desta orde, non estará permitido desembarcar exemplares cuxa lonxitude sexa inferior ao tamaño mínimo de referencia de conservación establecida no anexo III do Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo e polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93, ou no Regulamento (CE) n.º 850/98 do Consello, do 30 de marzo de 1998, para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños, no caso do Atlántico, así como as súas modificacións realizadas a través dos plans de descartes, ou ben posteriores normas que os substitúan.

2. Unha vez consumida a cantidade asignada de *minimis* para cada tipo de buque, realizarase unha estiba separada de todas as capturas de especies sometidas á obriga de desembarque, que non alcancen o tamaño mínimo de referencia, para efectos de conservación que deberán ser retidas e estar colocadas en caixas, compartimentos ou contedores, de tal maneira que se distinguan das demais caixas, compartimentos ou contedores. Estas capturas non se mesturarán con outros produtos da pesca.

No entanto, non se aplicará a estiba separada nos seguintes casos:

- a) Cando as capturas conteñan máis dun 80 % dunha ou varias pequenas especies peláxicas (xarda, arenque, xurelo, lirio, trancho, bocarte, peixe rei, sardiña e espadín).
- b) Aos buques pesqueiros de menos de 12 metros de eslora total.

Nestes dous casos farase un seguimento da composición das capturas mediante mostraxe.

3. As capturas de especies por debaixo do tamaño mínimo de referencia de conservación que sexan retidas, tras o esgotamento da cantidade de *minimis* autorizada para descartar, non poderán ser destinadas, en ningún caso, a consumo humano directo.

Artigo 5. *Medidas sobre a utilización do mecanismo de flexibilidade inter especies.*

1. Cada ano a Secretaría Xeral de Pesca publicará unha resolución no «Boletín Oficial del Estado» que conteña a lista de especies e *stocks* elixibles que poderán ser obxecto de flexibilidade *inter especies*.

No caso de cotas repartidas de maneira individual, a resolución incluírá os *stocks* de especies principais a que vai dirixida a pesqueira como obxectivo para cada tipo de buque en función da arte de pesca.

2. Para os censos ou modalidades en que non se dispoña de repartición individual, a Secretaría Xeral de Pesca incluírá, na resolución indicada no punto 1, así mesmo, as cantidades máximas de especies principais que poden ser utilizadas para a flexibilidade *inter especies*, no caso de frotas que non dispoñan de reparticións individuais e que sexa probable que esgoten cotas ao longo do ano por excesos de pesca ou capturas non intencionais, e as condicións para aplicar este mecanismo.

3. Os armadores de buques con cotas repartidas individualmente a que se lles esgotase a cota para unha das especies elixibles obxecto de flexibilidade recollidas na dita resolución, ou que non dispoñan de cota inicial desas especies, poderán computar as capturas desas especies elixibles como cota da especie principal ata un máximo do 9% calculado sobre o total da cota adaptada coa que se conte, o que incluírá as transferencias de posibilidades de pesca que se realizasen ao longo do ano, de cada grupo de buques, buque individual ou frota, en función de como sexa a xestión referente a esa especie principal.

Os armadores de varios buques con posibilidades de pesca repartidas individualmente poderán facer uso da flexibilidade *inter especies* de maneira conxunta sumando as cantidades totais das especies principais dos seus buques. O uso desta flexibilidade poderá ser utilizado por calquera dos buques do conxunto. Para iso deberán comunicar á Dirección Xeral de Recursos Pesqueiros a súa intención de xestionar a flexibilidade *inter especies* de maneira conxunta.

4. En ambos os casos deberanse anotar, no diario electrónico de a bordo, diario en papel, nota de venda, documento de transporte e todos os documentos referentes a esa descarga necesarios para manter a rastrexabilidade (como as declaracións de transferencia, notificacións previas, notas de pesaxe ou avisos previos), as cantidades da especie realmente capturada para a cal non se dispón de cota.

5. A Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e Acuicultura establecerá a forma en que os armadores de buques con posibilidades de pesca repartidas de modo individual deberán indicar as posibilidades das especies principais que foron utilizadas para cubrir as cantidades da especie para as que non se teñen posibilidades asignadas.

Artigo 6. *Medidas relativas á exención por alta supervivencia.*

1. Os individuos de especies que sexan consideradas pola normativa europea de alta supervivencia para determinadas artes de pesca, e así estea recollido nun acto delegado deberán ser devoltos ao mar inmediatamente despois da izada a cuberta das capturas, se non van ser retidos a bordo. Esta devolución deberá realizarse seguindo as pautas e boas prácticas que se determinen para cada unha destas especies e sempre antes de clasificar o resto de capturas que vaian ser retidas a bordo.

2. Deberán anotarse no diario electrónico de a bordo ou diario en papel as cantidades estimadas de cada especie devolta ao mar desde o primeiro kg, usando o código que se determine.

3. No primeiro trimestre de cada ano, a Secretaría Xeral de Pesca publicará no «Boletín Oficial del Estado» unha resolución coas especies que poden ser obxecto de descarte, por terse demostrado cientificamente e estar regulada no ámbito europeo a súa exención por alta supervivencia para determinadas artes de pesca.

Artigo 7. *Medidas para incrementar a selectividade das artes de pesca.*

A partir do 1 de xullo de 2020, co fin de mellorar a selectividade de determinadas artes de arrastre, todos os buques pertencentes ás seguintes modalidades deberán dispoñer obrigatoriamente das seguintes medidas selectivas:

a) Buques arrastreiros de fondo que pesquen na zona VIa do CIEM: deberán incluír o seguinte dispositivo cando pesquen na dita zona:

1. Características do dispositivo:

Malla cadrada de tamaño de malla mínimo 120 mm (luz de malla) sen nó ou con nó non corredizo.

Lonxitude mínima de 3 metros.

Largura mínima de 1,5 metros.

Fío torcido simple de 8 mm máximo.

2. Colocación do dispositivo:

No plano superior da rede,

Colocado no cope e coa parte posterior do dispositivo a un máximo de 15 metros do rebenque do cope.

Un máximo de 5 mallas romboidais desde cada costado ao lateral máis próximo do dispositivo.

b) Buques arrastreiros de fondo que pesquen na zona VII do CIEM: deberán incorporar un cope de malla T90 e abertura de malla mínima de 100 mm á arte usada habitualmente.

Artigo 8. *Cumprimento das regras de composición das capturas.*

1. Cando as capturas dun buque non cumpran as regras de composición de capturas establecidas nos diferentes regulamentos europeos sectoriais por razón de especie, deberanse manter a bordo as capturas que superen as porcentaxes establecidas, para cumprir coa obriga de desembarcar todas as súas capturas.

2. En caso de superar os topes de capturas establecidos nun lance ou nunha xornada de pesca nos ditos regulamentos, antes de realizar un novo lance, o buque deberá desprazarse, cando menos, 3 millas desde a posición anterior ao último lance ou actividade desenvolvida na xornada de pesca previa.

Disposición transitoria única. *Período voluntario.*

A aplicación das medidas recollidas no artigo 7 será de carácter voluntario para a frota, durante 2019 e primeiro semestre de 2020, e poderase optar ás axudas económicas que, se é o caso, se determinen para o seu financiamento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de abril de 2019.–O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Luis Planas Puchades.